

ARTE

Mersad Berber. Ollando o clasicismo postmoderno

► Cada lenzo do artista bosníaco, que expón no Centro Cultural Caixanova de Vigo, acumula moi diversos que elementos culturais aglutinan a mestura propia do país


FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Teóricos radicais sentenciaron tras a aparición das superficies brancas de Robert Ryman que se chegara á meta final na que desembocara a pintura, máis aló da cal non se podía avanzar. Pero ese enunciado esgotamento artístico non só se produciu senón que deu orixe a unha sucesión de prácticas artísticas. O estudioso Arthur C. Danto considera como selo de identidade da arte contemporánea o poder dispoñer da arte do pasado acomodándoo ó uso persoal que cada artista lle queira dar, á vez que identifica a colaxe como paradigma do contemporáneo. Desde esas premisas podemos enmarcar o traballo desenvolvido polo artista bosníaco Mersad Berber (1940) nunha retrospectiva totalmente novidosa o noso país, que o Centro Cultural Caixanova ofrece na súa sede de Vigo.

Cada lenzo acumula unha gran diversidade de elementos culturais que parecen aglutinar a contida nun país que longo tempo sostivo a convivencia de diferentes nacionalidades mesturadas. Unha amalgama de civilizacións que escritores tan prestixiosos como Ivo Andrić reflectiron nunhas páxinas cuxo discurso adolece de barreiras sociais nun fluxo de intercambios culturais entre as entidades multiétnicas.

Mersad Berber métese literalmente en cadros representativos de épocas pasadas como un dos moitos que o pintor francés Ingres realizou da nobreza, neste caso o da condessa de Hanssonville que o pintor bosnio titula *Homenaje a Dominique Ingres*. Evidentemente adaptándoo a unha visión particular na que non se prescinde do recurso do espello, tan manexado na Europa Occidental despois do Renacemento. Ante todo é de admirar a impecable factura artística, o pulcro acabado dunhas partes que dialogan con outras inacabadas; ou a convivencia entre persoaxes robados ás fábulas gregas e romanas ou a bustos renacentistas.

Non é novidoso o redescubrimiento de obras do pasado por parte de determinados autores, ben sexa por espírito crítico ou por admiración. Lémbrese neste último exemplo o baño turco de Ingres como detonante á hora de abrir paso a época azul picasiana por outra máis sensual como



'Retrato do un mesmo', do ano 1933, de Malevich



'A condessa de Hanssonville', ano 1945, de Ingres. Retrato nobiliario co recurso do espello

foi a rosa. Redescubrimiento que Mersad Berber revive tanto na forma como na organización espacial.

Outra icona cargada de simbolismo cultural, as Meninas, tantas veces rescatada do museo a novas reordenacións espaciais significativas dentro do discurso pictórico, fai situar o traballo presente dentro do posmodernismo, formando parte da corrente figurativa con conciencia de todo o que nos precedeu, o rico acervo artístico da historia da arte. Obras máis próximas no tempo, como a de Klint ou o autorretrato de Malevich, pintado na súa última época, actúan de referente narrativo tanto da época figurativa como na depuración suprema reducida do contido visual a elementos planos, ca-

drados, círculos e cruces. Todo cohabita nun auténtico sincretismo ordenado nunha colaxe cuxas conexións culturais son arbitradas polo artista. O motivo do cabalo é recorrente, en corveta, caído en repouso adopta un naturalismo sobrecolleedor en disposicións a veces en recadros tanto filmicos pero que tamén conectan coa distribución das metopas do Partenón. Obra non limitada en modo ningún polo contraste de texturas sabiamente combinadas como a reciclaxe de recortes de prensa xunto a rabuñadas ou o efecto de pátna envellecida. Resulta admirable que fragmentos de escenas tan afastadas no tempo, sen conexión histórica ningunha, se carguen de contido e convivan co novo.

A ancianidade tamén está reflectida nesta exposición: máscaras mortuorias alusivas á presenza da morte no interior do corpo humano, animais feridos, ou seres desgraciados de Bosnia con rostros murchos e cansos, homes con cabeza de cabalo, (crear monstros semellantes tamén require gusto, como apuntaría Diderot), tal vez transposición dunha persoal necesidade de dun home, o dos nosos días, farto da civilización e devoto dunha perda liberdade. Figuras humanas quebradizas semellan compensar a súa debilidade física convivindo con rostros belos filiación rafaesca e porte un tanto bucólico sorprendentemente nunha coherente e maravillosa simultaneidade.

CINE

Tensión ben dosificada

MUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



A CONTRARRELOXO

Director: Carl Franklin

Intérpretes: Denzel Washington e Eva Mendes

País: USA

Non é *A contrarreloxo* un filme cun suspense e factura ó estilo dos grandes, pero logra dosificar a tensión logrando entreter sen abusar da violencia baleira nin da velocidade estúpida. Xa é moito. Moitas das películas actuais pretenden atrapa-lo espectador acelerando o ritmo e imprimindo violencia en cada escena, abusando dos efectos especiais e das tramas que estalan por máis badocas que sexan, mais nesta, na que é protagonista Denzel Washington, acompañado de dúas belezas como Eva Mendes e Sanaa Lathan, non se dá o mesmo caso. Carl Franklin dirixe un produto en serie, pero respectando uns mínimos de calidade.

Washington interpreta a un xefe de policía nunha pequena vila de Florida. Como hoxe non hai matrimonios que poidan manter unha relación tranquila, tal e como se di nun dos diálogos do filme, o xefe de policía, tamén pasa por unha crise: a súa muller quere a separación e el trata de soportar momento tan confuso entregándose en corpo e alma á paixón que lle regala a muller dun compañeiro tamén policía ó que non só odia por posuír á muller que lle gusta senón pola súa actitude profesional. Como acontece case sempre nas películas americanas, ó marido infiel complicánselle as cousas, neste caso aparecendo morta a amante nun abrasador incendio, aparecendo probas por tódolos lados que inculpan como asasinó ó atormentado policía en crise sentimental. O argumento, xa ven, nada orixinal, mais a partir de que se inicia a investigación polo incendio no que aparece morta a amante, a película adquire unha tensión adecuada e ben compasada, sobre todo gracias a que a encargada de resolver o caso será a esposa xa co divorcio pedido do desconcertado xefe de policía. Entre os dous, un sempre por milímetros diante do outro na anulación de probas ou no descubrimiento da trama, van desenredando o fio ata chegar a un final bastante vulgar.

É o xogo que establece entre a esposa e o marido por descubrir e tapar, adiantarse, sospeitar e resolver o que mantén con acerto e entretemento garantido a esencia da película. Washington e Lathan interpretan con credibilidade, ademais de aportar beleza. Eva Mendes, aínda non resultando moi críble como xefa de homicidios, atrae en cada plano ó lle saber buscalas excelencias do seu físico.